JOSE GIL, PIONEIRO DA CINEMATOGRAFIA GALEGA, EN LUGO

por Fernando Arribas Arias

Trala súa presentación en París o 28 de decembro de 1895, o cinematógrafo non tardaría moito tempo en chegar a Lugo. A primeira proxección tivo lugar no Teatro Circo o día 7 de xullo de 1897, e todo parece indicar que foron exhibidores portugueses, de xira por Galicia, os que deron a coñecer ós lucenses o invento dos Lumiére.

Na xornada inaugural celebráronse dúas sesións: ás 9 e 10 da noite; integrando o programa dez "cintas" —según a terminoloxía da época— entre as que figuraban as arquifamosas "Jardinero sorprendido" e "Llegada de un tren".

Os prezos das localidades eran moi asequibles, en comparación cos doutros espectáculos semellantes que pasaron por Lugo. Oscilaban entre as 8 ptas., que custaba a entrada para un palco de seis asentos, e as 0,50 ptas., que valía a entrada de xeral.

A pesar da novidade, non foi moi numeroso o público que asistiu a presencia-lo cinematógrafo, e nos cinco días que permaneceu na cidade, a prensa local tampouco lle prestou moita atención que digamos.

Se o invento dos Lumiére tardou pouco tempo en chegar a Lugo, a toma de imaxes na nosa cidade demorouse até 1914. Pioneiro nesta tarefa foi José Gil y Gil, polifacético personaxe que, en opinión de Folgar de la Calle, "iba a ser el hombre más destacado, en lo que a realización se refiere en Galicia, hasta 1920".[1]. Gil, nado

1) Folgar de la Calle, José M.ª. "El espectáculo cinematográfico en Galicia (1896-1920)". Universidade de Santiago de Compostela. Santiago 1987. Páx. 217

en Rubiás-As Neves (Pontevedra) o catro de abril de 1870,[2] comenza a súa actividade como fotógrafo, a fins do pasado século, en Ourense. Dáse a coñecer por toda Galicia con exposicións dos seus traballos, moi eloxiados pola prensa do país que califica a Gil de "reputado artista".

En 1904 trasládase a Vigo, onde se establece cun moderno laboratorio fotográfico. Redactor gráfico de "Vida Gallega" desde o seu primeiro número, a "portentosa actividad" de Gil levouno a entrar en contacto co cine; eido no que destacou principalmente como realizador de reportaxes, películas publicitarias e turísticas. Só chegou a rodar un filme de argumento, "Mis Ledya", debido á falla dunha financiación axeitada, á diversidade das súas actividades —entre as que figura a venda de automóbiles— e a ausencia de colaboración.

De importantísimo podemos califica-lo labor deste pioneiro da cinematografía en Galicia que, con escasos medios e sen case colaboración, levou a cabo un meritorio traballo no mundo documental, recollendo coa súa cámara diferentes aspectos de Galicia e acontecementos notables. Cómpre tamén non esquencer que a Gil débeselle a realización da primeira película argumental feita en Galicia.

A primeira referencia que temos de Gil en Lugo remóntase a 1904. A comenzos de marzo deste ano, a prensa local informa da súa chegada á cidade, e comenta "que se trata de un fotógrafo de mérito, que vierte la belleza y en ella se inspira para aplicarla a la fotografía..."[3]. Nos escaparates de "La Favorita" e do comercio do Sr. Paz, expón unha mostra da súa obra, entre a que "resalta una postal hecha con pensamientos naturales, destacándose el nombre de Emilia Pardo Bazán",[4] galardonada con varios premios.

A petición de "varias personas significadas de la ciudad",[5] o tamén fotógrafo Sr. Torrella cede xentilmente o seu estudio, sito na Rúa Manuel Becerra (hoxe do Progreso) para que Gil puidese realiza-lo seu traballo.

Despois de permanecer aproximadamente dez días en Lugo, con gran éxito de clientes a xulgar polos comentarios de "El Norte de Galicia", Gil retorna a Ourense. Dous meses tarda en voltar á cidade amurallada coas ampliacións encargadas, as cales chaman extraordinariamente a atención e reciben encendidos eloxios por parte da prensa.

Nembargantes, o éxito obtido por Gil en Lugo vaise ver enturbiado por un lamentable incidente, froito dunha serie de circunstancias adversas. Unha enfermidade, a morte do seu fillo e a falla de tempo, non permiten a Gil cumprir cos compromisos adquiridos en Lugo na súa última visita. En xullo, o fotográfo ourensán pide disculpas por medio da prensa e promete que axiña voltará cos encargos realizados. Dous meses máis tarde, "El Norte de Galicia" publica unha gacetilla na que informa que, a pesar dos contratempos familiares sufridos e dos seu próximo traslado de residencia a Vigo, Gil ten rematados varios dos traballos encomendados, pero que aínda lle queda moito por facer.

O 13 de decembro, este mesmo xornal dá conta de que

> "Varias personas nos manifestaron que hace seis meses encargaron al fotógrafo, D. José Gil en casa del Sr. Torrella, de esta ciudad, diferentes ampliaciones, entregándole los retratos que debían de ser ampliados, y pagando por anticipado el trabajo, según se les exigió, dándoles un resguardo de las cantidades pagadas con el membrete de Fotografía de Torrella. Como a pesar

2) Datos facilitados por Manuel González, experto en cinematografía e coñecedor sen rival da vida e obra de Gil.
3) "El Norte de Galicia" 4-III-1904
4) Idem.
5) "El Norte de Galicia" 15-II-1094.

del tiempo transcurrido ni se entregaron las ampliaciones, ni se les devolvió el dinero, temen ser víctimas de una estafa, y de no resolverse el asunto con la honradez que es de esperar del Sr. Gil se denunciará el hecho al Juzgado".[6].

A respota de Gil non fai esperar e, dous días despois, remite a "El Norte de Galicia" a seguinte carta:

"Con verdadera sorpresa, y con el consiguiente disgusto por el gravísimo juicio que de mi persona se hace acabo de leer en un suelto, del cual no tenía conocimiento, publicado en el número 1.144 de su diario, correspondiente al 13 del actual.

Como no puedo quedar bajo el peso de una acusación injusta a mi decoro de artista, y a mi reputación inmaculada de hombre de honor espero se digne insertar enseguida estas breves líneas, como protesta enérgica y anticipada, contra el referido suelto, toda vez que mañana en el tren correo salgo para esa con todos los retratos terminados y tendrá ocasión de convencerse de su injusticia el autor del suelto.

¡Es falso que yo hubiese cobrado anticipadamente todos mis retratos ampliaciones!, tan sólo percibí el importe de tres, y en cambio, remití en diferentes ocasiones infinidad de fotografías a sus dueños, que no he cobrado aún, porque ni yo había exigido su importe, ni menos dudaría jamás de la garantía que las personas de referencia me merecen.

Creyendo adivinar al autor del suelto, he de hacer constar que éste debe tener en su poder cartas mías, con amplias explicaciones, que a no satisfacerle, pudo haber rechazado enforma menos brusca y ofensiva.

Sólo me reconozco culpable de una falta levísima: la de la tardanza, pero ésta también se me suponía en una clase de trabajos tan delicados, en que abundan detalles y surgen obstáculos, que para salvarse exigen detenimiento y estudio...".[7]

Tal como prometeu, Gil ven a Lugo para facer entrega dos retratos e ampliacións encargadas, que, por certo "resultaron muy del agrado de su numerosa clientela".[8] Permanecería na cidade o tempo imprescindible para resolver este asunto, regresando a continuación a Ourense.

Antes da súa partida, Gil remite a un xornal local —supoñemos que a "La Idea Moderna"—[9] unha nota na que debía dar renda solta á súa indignación contra o responsable do solto anteriormente comentado e contra "El Norte de Galicia"; nota á que este xornal respostou decindo que

"Ni al autor del suelto, ni a nosotros nos hizo reclamación alguna el fotógrafo Sr. Gil, de Orense, respecto a una noticia dada hace días, sin ánimo alguno de menguar su reputación de artista, ni de hombre, y rectificada por el mismo en un comunicado que encontró lugar preferente en este periódico.

6) "El Norte de Galicia" 13-XII-1094

7) "El Norte de Galicia" 16-XII-1904.

8) "El Norte de Galicia" 21-XII-1094.

9) Non se conservan na Biblioteca Pública de Lugo os números de "La Idea Moderna" correspondentes a 1904, o que nos impide demostrar fehacientemente a nosa suposición. Deducimos que se publicou en "La Idea Moderna" porque nos outros xornais existentes en Lugo naquel tempo ("El Regional" e "El Norte de Galicia" non atopamos a nota de Gil.

> Y, sin embargo, se ha ido a otro, con un suelto insidioso, que no merece ni los honores de la respuesta, y en el que se saca a relucir la moral cristiana, que es el argumento de siempre y que por su carácter general debe aplicarlo cada cual a si mismo, porque todos estamos sometidos a sus preceptos.
>
> No favorece al Sr. Gil el procedimiento que ha seguido".[10].

Despois deste incidente, Gil tardaría dez anos en voltar a Lugo.

O 21 de marzo de 1914, "El Regional" anuncia unha próxima visita de Gil a Lugo. O motivo é que fora

> "... designado para tomar unas vistas cinematográficas de cuanto en Galicia pueda tener de relieve de carácter regional, con destino a la exposición del Turismo que ha de celebrarse próximamente en Londres".[11].

O 26 de xuño Gil chega a nosa cidade. Ven acompañado por D. Jaime Solá, director de "Vida Gallega", quen pretende realizar unha serie de

> "...informaciones respecto a cuanto haya de notable en esta capital y resto de la provincia".[12].

Da parte gráfica das reportaxes ocúpase o fotógrafo pontevedrés.

Un "Ford", marca da que Gil era o representante para toda Galicia, é o medio de transporte empregado. Desta viaxe, Jaime Solá contará despois en "Vida Gallega" a seguinte anécdota:

> "Esta vez hemos entrado en Lugo como debe entrar un hombre a la moderna: sobre el lomo de acero de un rápido Ford de turismo.
>
> Al llegar al puente romano, una interrogación asoma medrosamente a mis labios. Miro a Gil, que permanece imperturbable.
>
> — ¿Podremos con la cuesta?
>
> — El "Ford"... no retrocede..."[13].

Da chegada de tan ilustres viaxeiros fíxose eco toda a prensa local, o que non é de extrañar dada a popularidade de "Vida Gallega" da que, como queda dito, Solá era o seu director e Gil un dos seus reporteiros gráficos.

Gil aproveita a súa estancia en Lugo para realizar outra exposición con seus "notables trabajos fotográficos, obtenidos en sus recientes excursiones por Galicia".[14] A mostra terá lugar no "Salón de Pasajes del Quijote" do Círculo das Artes, e inaugurarase a fins de xuño, uns días antes da chegada da infanta Cristina a Lugo.

A estancia de tan nobre dama na cidade transcurriu entre os agasallos das principais autoridades da provincia e o recorrido polos edificios lucenses máis siñificativos, entre os que se atopaba o Círculo das Artes. Alí, coincidiu coa exposición de Gil, para quen a Infanta "tuvo elogios por su meritísimo trabajo...".[15].

10) "El Norte de Galicia" 22-XII-1904
11) "El Regional" 21-III-1914
12) "La idea moderna" 29-VI-1914
13) "Vida Gallega" 5-VII-1914
14) "La Idea Moderna" 29-VI-1914.
15) "La Idea Moderna" 2-VII-1914

Poucos días despois da marcha da Infanta, Gil e Jaime Solá abandonan Lugo. En ausencia do fotógrafo pontevedrés, "La Idea Moderna" publicou unha reseña da esposición, alabando as súas ampliaciones nas que

> "...derrocha gusto y conocimiento grande del difícil arte de la fotografía.
>
> Actitudes elegantes y bellísimas combinaciones de luz, se dejan ver en sus obras, revelando el autor de los cuadros que en el "Círculo de las Artes" están expuestos, dotes de inteligente fotógrafo.[16].

Nesta mesma reseña, o xornalista comentaba que na súa próxima visita a Lugo, a parte de admitir encargos para ampliacións fotográficas, Gil tiña intención de

> "...obtener una cinta cinematográfica de costumbres típicas de Lugo y otra de la población, que hará dando una vuelta a la muralla en su magnífico coche americano marca "Ford", cuya representación tiene para Galicia...".[17].

Gil volta novamente a Lugo o 13 de agosto. Un mes antes, publicárase en "El Norte de Galicia" o artigo de Jaime Solá titulado "El "Ford", Gil y Pepe Adrio", que posteriormente aparecerá en "Vida Gallega", e no que se recolle a anécdota anteriormente citada. Case ó mesmo tempo, repártense pola cidade

> "...elegantísimos carnets de la magnífica fotografía que en Vigo posee el Sr. Gil y catálogos de la casa Ford que en Galicia representa".[18].

Da visita do reporteiro gráfico de "Vida Gallega" faise eco toda a prensa local, que destaca o seu proxecto de impresionar unha película sobor de diferentes aspecto de Lugo.

A rodaxe deste documental escomenzou, na mañán do domingo 16 de agosto, cunhas tomas do paseo polos Cantóns e da saída da misa de doce da Catedral. Pola tarde, filmouse outro paseo, pero esta vez na muralla, e varios lugares das ribeiras do Miño.

Non parece que estas rodaxes, as primeiras que tiñan lugar en Lugo, provocaran moita expectación entre os lucenses, pois os xornais locais non fixeron ningún comentario ó respecto. Somentes "El Progreso" dixo ó día seguinte que o traballo cinematográfico de Gil "entretuvo un rato a las gentes...", pero non indicaba se o número de curiosos era numeroso.

Estaba previsto que esta película se proxectara no "Lugo-Salón", pero non foi así. Que nós saibamos, endexamáis chegou a estrearse en Lugo, e o seu paradeiro é hoxe unha incógnita. Probablemente, coma outras moitas producción de Gil, perdeuse, privándonos dun excepcional documento gráfico da nosa cidade a comenzos de século.

O día 18, Gil expón nos escaparates de varios comercios de capital da provincia, colección de fotografías para que o

> "público pueda admirar los hermosos trabajos que en su arte realiza tan popular fotógrafo".[19].

16) "La Idea Moderna" 8-VII-1914
17) Idem
18) Idem
19) "La Idea Moderna" 18-VIII-1914

Admitiu, no Hotel Méndez Núñez, ata o venres día 21, pois nesta data sae para A Coruña. Na súa partida, rexístrase un pequeno incidente do que só "La Idea Moderna", se fixo eco:

> "Al pasar ayer tarde por la carretera de La Coruña el automóvil del Sr. Gil, una niña que se hallaba formando grupo con otras, arrojó una piedra sobre su vehículo, convirtiéndose en añicos al chocar contra los muelles de la cubierta.
>
> Afortunadamente no hirió a ninguna de las personas que ivan (sic) en el coche...".[20].
>
> Os acompañantes ós que se refire esta nova eran o concelleiro lucense D. Manuel Vázquez Seijas e o abogado D. Nilo Fernández.

E probable que, despois de tanta publicidade, Gil tivera encargos de ampliacións fotográficas; pero estes traballos debeunos remitir por correo. Decimos esto porque non temos constancia de novas visitas de Gil a Lugo, e se as houbo, a prensa local non se fixo eco delas.

A finais de marzo de 1919, "El Progreso" publica un comentario sobor da intención de "Galicia Films" de

> "...impresionar una película, con la finalidad de fomentar el turismo por nuestra región. Esta película tendrá visitas de todas las poblaciones gallegas, y de los más bellos rincones de nuestro paisaje... (y)... servirá para que la región sea conocida por quienes desconociéndola hablan de ella con manifiesta injusticia, y para que la ciudad de Lugo... tenga fuera de nuestras murallas el predicamento a que se hace merecedora".[21].

Detrás da empresa "Galicia Films" estaban Fausto Otero e José Gil. O primeiro facía as veces de xerente, mentras que Gil era o encargado da parte técnica.

Segundo o autor do devandito comentario, o Concello e a Diputación correrían cos gastos da filmación, que estaba previsto comenzar coa chegada da primavera. Nembargantes, e por razóns que descoñecemos, no que a Lugo respecta esta película non chegou a realizarse.

Dez anos despois, en 1929, Gil intenta novamente facer unha película de Lugo. Para elo, e como director-xerente da empresa cinematográfica denominada "Galicia Cinegráfica". dirixe unha solicitude á Diputación Provincial de Lugo pedindo unha

> "...subvención para atender a los gastos de filmar películas de las bellezas de esta provincia a fin de ser exhibidas en las Exposiciones de Sevilla y Barcelona, como mejor medio de propaganda del turismo...".[22].

Este proxecto de Gil non se limitaba á provincia de Lugo, senón que abranguía toda Galicia, polo que necesitaba o apoio económico das Deputacións galegas.

A esta petición, a Corporación provincial lucense respostou alegando que

---

20) "La Idea Moderna" 21-VIII-1914
21) "El Progreso" 29-III-1919
22) Acta da Sesión da Comisión Provincial da Diputación de Lugo do 15 de maio de 1929. Agradezo a Rosa Canto Reboredo, Arquiveira da Deputación Provincial de Lugo, as facilidades dadas para a consulta das Actas Provinciais

> "...aún reconociendo que no cabe negar que sería interesante de veras la reproducción cinematográfica de las bellezas naturales y monumentos artísticos en que tanto abunda la Región gallega, se ve privada de tomar en consideración la solicitud de que se deja hecho mérito, toda vez que el actual presupuesto no existe consignación para satisfacer la subvención que se interesa, ya que diez mil pesetas que figuran para la Exposición de Barcelona en el capítulo primero, artículo segundo, son exclusivamente y taxativamente para concurrir con las demás Diputaciones españolas a la construcción del Palacio de las mismas en el recinto de la Exposición y para los gastos de instalación de la parte destinada a esta provincia".[23]

Esta consideración era, evidentemente, unha disculpa; pois un mes máis tarde, a Deputación de Lugo aceptaba unha proposta do pintor Francisco Llorens, encargado do Pavillón de Galicia para a Exposición de Sevilla de 1929,

> "... de impresionar una película de la Región a la casa cinematográfica establecida en Madrid por D. Luis R. Alonso, confiando a los señores D. Ramón Lamela y D. Manuel Amor Meilán la misión de dirigir, juntos o separadamente, según mejor convenga, acompañando al operador y eligiendo los lugares más adecuados para la realización del trabajo cinematográfico, reservándose para esta provincia, cuando menos, quinientos metros de cinta".[24].

Que nós saibamos, este intento de filmar unha película de Lugo para as Exposicións de Sevilla e Barcelona, é o último contacto de Gil con esta provincia; na que, por certo, non foi moi ben tratado.

Oito anos máis tarde, en xaneiro de 1937, José Gil morría case na miseria. Triste final para un home que adicou toda a súa vida ó mundo da imaxe, tanto fotográfica como cinematográfica, campo este último no que foi un pioneiro e excelente realizador.

23) Idem.
24) Acta da Sesión da Comisión Provincial da Deputación de Lugo do 27-VI-1929

José Gil en 1928. (Foto cedida por Manolo González)



Gil filmando sobre a Muralla de Lugo. Foto publicada en "Vida Gallega" en maio de 1922. (Facilitada por José B. Arribas Arias)